

Diapositiva 1

INTRODUCCIÓN

Como xa sabedes, foi no 1970 cando a ONU aprobou a celebración no Sáhara dun referendo de autodeterminación. Tras negarse nun principio a celebralo, España accedeu en 1974 á celebración pero nunca sucedeu.

A Marcha Verde foi a invasión marroquí do Sáhara español, iniciada o 6 de novembro de 1975, utilizando de avanzada á poboación civil. Foi a culminación de desencontros diplomáticos entre España e Marrocos que se trasladaron mesmo á sede de Nacións Unidas en Nova York.

Hassan II, que se sentía apoiado por Estados Unidos, deu a orde de invadir o Sáhara Occidental. A esta situación uniuse que España estaba disposta, desde os primeiros momentos do conflito, a abandonar o territorio e as súas obrigacións de potencia administradora, co que a operación foi fácil para Hassan II.

Os artigos dos que vou a informar son do período previo a esta marcha, cando xa estaba anunciada por Hassan II e revelan o clima de tensións entre os países do entorno.

Diapositiva 2

Nesta imaxe podemos ver a localización do Sáhara Occidental e comprender mellor a intervención dos distintos países dos que se fala nos artigos. Ao norte limita con Marrocos, o país invasor, ao leste con Alxeria que en todo momento se opuxo á invasión e Mauritania que apoiou a Marrocos. No mar atlántico as illas Canarias representan a presenza de España na zona, que segue sendo a potencia administradora do Sáhara Occidental segundo o dereito internacional.

Diapositiva 3

Hassan II que vía o seu trono ameazado por unha prolongada crise interna, que mesmo levou ao exército do seu país para protagonizar dous golpes de estado, viu no conflito Saharauí unha forma de desviar a atención dos seus problemas internos e recuperar a confianza do seu pobo e por iso tentou convertelo nun acto de fe, tal e como podemos ler nese artigo sobre o discurso que pronunciou o 23 de outubro do 75.

Diapositiva 4

Nesta diapositiva vemos a xente marroquí, durante a Marcha verde, sostendo fotos do Rei e do Corán mostrando o seu apoio.

Diapositiva 5

Nesta diapositiva podemos ver a nenos e mulleres no medio da marcha verde, nos artigos que analicei falaban dunha marcha pacífica de poboación civil para ocupar o territorio Saharauí , mais hoxe sábese que no medio deles ían moitos soldados e que finalmente se usou a forza para entrar no territorio.

Diapositiva 6

Nesta noticia do día 23, o Diario estadounidense “New York Times” denuncia a estratexia de propaganda que había detrás da decisión de invadir o territorio do Sáhara e tamén recorda que o interese que varios países mostran nese momento polo territorio non existía nos anos previos ao descubrimento de recursos naturais importantes na zona, o que ven sendo unha denuncia dos intereses económicos que motivaron aos países que axudaron a Marrocos no seu proxecto.

Diapositiva 7

A análise dos artigos de prensa citados, mostra como os intereses e a intervención das grandes potencias marcan o curso da historia incluso en territorios pequenos como o Sáhara occidental.

No ano 1979 Marrocos estaba a perder a guerra contra a Fronte Polisario ata que varios países, entre eles España, decidiron axudar a Hassan II: Estados Unidos, Francia, España e Arabia Saudita. Todo isto foi posible grazas ás boas relacións do rei marroquí con Henry Kissinger, conselleiro de seguridade nacional dos Estados Unidos e cos Saud de Arabia Saudita.

O plan da marcha verde de Hassan II, , en realidade foi deseñado polo Departamento de Estado dos Estados Unidos e contou co seu apoio loxístico e o da CIA.

No medio da Guerra Fría, o territorio era vital dende un punto de vista xeoestratéxico e, sobre todo, polos recursos naturais dos que dispón.

Diapositiva 8

CONCLUSIÓN

Nesta diapositiva vese a reunión na que España, Marrocos e Mauritania asinaron o Acordo Tripartito de Madrid, no que España reiterou a súa intención de descolonizar o Sáhara «poñendo termo ás responsabilidades e poderes que ten sobre o devandito territorio como potencia administradora» e instituíu unha administración temporal «na que participarían Marrocos e Mauritania, en colaboración coa Yemá, (a asemblea de notables tribal), establecendo que esta sería a expresión da opinión do pobo Saharauí.

Actualmente a situación segue sen resolverse. A Misión de Nacións Unidas para o referendo no Sáhara Occidental segue activa, pero Marrocos rexéitaa, argumentando que non lle corresponde supervisar a situación dos dereitos humanos no Sáhara.

Para o dereito internacional, España segue sendo a potencia administradora do Sáhara Occidental —o Acordo Tripartito de Madrid non é válido, pois segundo a ONU «non transferiu a soberanía sobre o Territorio nin conferiu a ningún dos signatarios a condición de Potencia administradora, condición que España, por si soa, non podía transferir unilateralmente e Marrocos séguese ocupando, por tanto, está a permitir que unha nación estranxeira ocupe ilegalmente o territorio.